

# CCOO rexeita o pagamento polos rescates no mar



Helicóptero de salvamento 'Helimer Galicia' / Foto: Wicho

Comisións Obreiras (CCOO) critica a decisión aprobada hai só uns días polo Consello da Xunta, que prevé cobrar polos rescates marítimos. Para o sindicato, a medida non só non ten utilidade para «concienciar», senón que «porá en perigo as vidas da xente do mar».

O suposto básico en que a Administración cobraría polos rescates sería o caso das «imprudencias». Porén, non se coñecen os baremos que o determinarían nin tampouco quen avaliaría o caso.

Para o Sector do Mar de CCOO, «non se sosteñen» os argumentos da Xunta. «Nin un só», reitera o secretario xeral da Federación de Servizos á cidadanía do sindicato, Ramiro Otero, quen apunta que o Goberno galego debería atender primeiro outras cuestións de carácter urgente.

Canto aos once millóns de euros en que a Xunta cifra o custo anual dos rescates —seis por medios aéreos e cinco por marítimos—, CCOO denuncia que o Executivo autonómico

non aclarou que porcentaxe se debe ás supostas «imprudencias». Por esta razón, o voceiro do sindicato afirma que se trata dunha decisión movida «por afán recadador».

Se o que se pretende é que as embarcacións non saian faenar os días de temporal, «a solución máis lóxica é potenciar a inspección nos portos». E se a «imprudencia» consistiu en que as vítimas dun rescate non levaban o equipamento adecuado, o castigo «non pode ser pór as súas vidas en perigo, o que hai que facer é actuar contra os responsables, pero sempre tras o rescate».

## Control do diñeiro público

Se a Xunta pretende aforrar, o voceiro de CCOO recoméndalle que, antes de nada, poña en marcha medidas de control e fiscalización de partidas de diñeiro público «que actualmente non están debidamente controladas, como as destinadas ás confrarías».

## Continúan as mobilizacións de Alcoa

As mobilizacións do persoal de Alcoa van continuar os días 11, 12 e 13, cunha marcha a pé desde A Coruña a Santiago de Compostela. O último día sumarase á marcha o persoal da empresa na factoría de San Cibrao, na Mariña.

O obxectivo é que a Xunta garanta unha tarifa eléctrica competitiva que permita a continuidade da produción.

## Acordo sobre o ERE de Adolfo Domínguez

A maioría do persoal de Adolfo Domínguez en Ourense deulle o visto e prace ao expediente de regulación de emprego (ERE) negociado pola maioría sindical coa dirección da empresa. Votaron o 84,7% e o ERE recibiu o apoio do 68,3%. O día 11 reunírase a comisión negociadora para redactar e asinar o texto final.

## Intensifícase a folga de Correos en Vigo

O persoal de Correos en Vigo, lonxe de sucumbir ás presións da empresa, acordou intensificar as súas protestas para denunciar os despedimentos realizados pola empresa.

As traballadoras e traballadores levan en folga indefinida a media xornada desde o pasado día 4, pero ante da actitude da dirección de Correos, decidiron ampliála. Así, a partir do pró-

ximo día 18, incluído, todos os luns e venres protagonizarán xornadas íntegras de folga, que se complementarán coas folgas a media xornada o resto dos días.

Estas accións reivindicativas contan co apoio de CCOO, CIG, UGT, CGT e SL. O obxectivo é lograr que Correos rectifique a decisión de recortar máis do 25% do cadro de persoal na cidade de Vigo.



O persoal da empresa non se rende